

Quen son as marmotas?

TRAS TRES LONGOS ANOS DE INVERNO...

O Comité de Empresa da Coruña está constituído por 21 traballadores/as elixidos/as nas eleccións de 2007 que tiveron o seguinte resultado:

CCOO-9	UGT-5	CIG-3	AST-2	STC-1	CGT 1
--------	-------	-------	-------	-------	-------

O Regulamento do Comité que foi aprobado no Pleno de constitución é o mesmo que veñen tendo os sucesivos Comités da Coruña, desde hai máis de 20 anos e contén maiorías cualificadas moi fortes ($\frac{3}{4}$) para a elección de Presidente e Secretario e para a modificación do Regulamento.

Desde a CIG defendemos o mantemento do Regulamento a pesares de ter aspectos mellorables, á vista da composición do Pleno do Comité a ninguén se lle escapa quen pode “impoñer” un Regulamento ao seu gusto na constitución do Comité, nós preferimos manter o que ven servindo, cos seus mais e os seus menos, para relacionarnos durante tanto tempo.

Ven sendo norma non escrita, que a primeira forza elixe o Presidente e a segunda forza o Secretario. Nese Pleno, a CIG facilitou a constitución do Comité co Regulamento que acabábase de aprobar.

Cando se elixen os membros do Comité Provincial de Seguridade e Saúde (CPSS), a CIG propón manter o método de elección que viña sendo habitual: 1 delegado por cada forza sindical. CCOO e UGT propuxeron outro método, presentar máis dun membro e elixir os máis votados, este foi o método usado para a elección.

A CIG explicou que só apoiaría ao membro que cada sindicato presentase como primeiro, en coherencia coa proposta que fixemos, sorprendeunos que despois de votar nós polos primeiros candidatos de cada forza, AST non votou polo noso.

Nesta primeira votación saíron elixidos os 3 candidatos de CCOO e os 2 de UGT e houbo un triplo empate para o sexto membro do CPSS. Houbo outra votación para elixir o sexto membro e foi o candidato da CIG quen obtivo máis votos.

QUE TRABALLO FIXO CADA UN...

Está fora de toda dúbida o traballo realizado polos distintos representantes que ao longo dos anos foron designados pola CIG para o CPSS. Lamentablemente, non pode dicirse o mesmo doutros membros.

Non ter representación no CPSS, dificulta pero, non impide traballar nese campo. Calquera delegado sindical ten dereito a participar nas xuntas do CPSS e calquera traballador pode presentar cantos escritos desexe sobre temas relacionados coa seguridade e saúde.

Hai anos que nesta provincia, despois de cada Pleno do Comité, elaboramos un informe cos temas tratados e aquilo que nos parece máis relevante. Posteriormente colgámolo na nosa páxina web e queda a disposición de calquera traballador que desexe velo ou descargalo, só ten que visitar <http://www.cigtelefonica.com> e seleccionar A Coruña, aí atoparedes o informe do Pleno de constitución do Comité e tódolos posteriores, tamén están os informes dos Plenos do CPSS e das Comisión de Xestión.

A CIG defende e defendeu sempre os Comités como órganos unitarios de representación dos traballadores. Hai a quen o que lle gusta é a "bronca pola bronca" e que quizais estaría moi a gusto sen que puidera funcionar o Comité. Nós queremos que o Comité funcione e sirva para o que é, a defensa dos traballadores, aínda que somos conscientes de que non sempre o conseguimos, seguiremos intentándoo. Para iso estamos aquí.

As marmotas son animais que dormen moito, pasan todo o inverno durmindo, cando saen do seu tobo considérase un sinal de que a primavera chegou, vamos, como os anuncios do Corte Inglés.

Despois dun longo inverno de 3 anos, algúns saen do tobo e anuncian a precampaña electoral, dentro dun ano tocan eleccións sindicais, montando ficcións contra aqueles que facían a súa parte dun traballo que debera ser compartido (recollida de sinaturas, convocatoria e chamada aos paros contra a represión sindical...) mentres eles estaban no tobo a pesares de ter compañeiros sancionados.

COMO ESTAMOS A DÍA DE HOXE...

O vindeiro venres 12 de marzo haberá Pleno Extraordinario para elixir o Presidente, CCOO propuxo cambiar de persoa no anterior Pleno Extraordinario pero non tivo os votos precisos.

Este venres intentaremos que o Comité poida funcionar con "normalidade". Dada a negativa de CCOO a propoñer outra persoa, e para desatascar esta situación, no canto de votar polo candidato que hai proposto para Presidente, preferimos que se modifique o Regulamento para que o elixan con 2/3.

Dende o noso punto de vista erra que actúa nestas cuestións antepoñendo os intereses como Sindicato por riba dos intereses dos traballadores e traballadoras. Erra máis aínda quen emprega a ocultación e a difamación co único obxectivo de danar a imaxe dos demais, as actas do Comité poden ser consultadas por calquera, as do CPSS tamén. Calquera pode comprobar como foron e como son os feitos que relatamos.

NOTA A TÓDOLOS TRABALLADORES...

Desculpade se non contestamos a todo panfleto, insidia ou conto chino que poida saír sobre nós no futuro, o tempo non da para todo, é escaso e hai que seleccionar en que se emprega. Que non contestemos, non significa que aceptemos, seguramente estaremos traballando no noso cometido.

A Coruña, 9 de marzo de 2010.

Axuntamos comentado o informe do Pleno Nº1 (está na web dende o 2007)



Confederación Intersindical Galega

Sección Sindical Telefónica – A Coruña
Teléfono 981183969 – Fax 981183679
Email coruna@cigtelefonica.com
www.cigtelefonica.com

Este informe está na nosa páxina web desde o 2007 a disposición de todos, sen as anotacións ao marxe que son de agora.

Queremos que o Comité funcione e non só o dicimos, vímolos practicando desde hai moitos anos, por ese motivo non foi preciso negociación nin contrapartida para elixir un presidente que xa coñeciamos na 2ª votación cos nosos votos.

Na elección dos membros do CPSS, o noso compromiso coa proposta para que todos estiveran representados puido provocar na 1ª votación que nós non saíramos elixidos e si outros con menor representación, falloulles a estratexia e non o sentimos..

Pleno do Comité Nº 1 - 20 de abril de 2007

Orde do día

- * **Regulamento**
- * **Elección de Presidente e Secretario**
- * **Comisións de traballo**

Regulamento:

Apróbase por unanimidade o Regulamento anterior coas modificacións de datas correspondentes e substituíndo extraordinario por ordinario na denominación do Pleno de hoxe. Acórdase revisalo ortograficamente.

Nós propuxemos manter o Regulamento de sempre

Elección de Presidente e Secretario:

Hai unha única proposta, conxunta de CCOO e UGT; Presidente: Joaquín Barreiro Cajide, Secretario: Miguel Angel Ramos, pásase a votación cos seguintes resultados:

A Favor: 12 En Contra: 0 Abstencións: 6

Como os votos favorables non alcanzan os $\frac{3}{4}$ dos presentes, decídese pasar a unha segunda votación con seguinte resultado:

A Favor: 15 En Contra: 1 Abstencións: 2

Facilitamos cos nosos votos a elección do presidente na 2ª votación

Comisións de Traballo:

Comisión de Formación:

Se chega a constituírse a Comisión Provincial elixíranse daquela os membros.

Comisión de Seguridade e Saúde Laboral:

Deben elixirse 6 membros. Ata agora cada organización Sindical designaba 1 membro.

Hai 2 propostas, unha de CCOO coa que UGT manifesta o seu acordo e outra da CIG coa que a CGT manifesta o seu acordo.

Proposta de CCOO: Cada Sindicato presenta candidatos e o Pleno os vota un a un, saíndo elixidos os 6 máis votados.

Proposta da CIG: Cada Sindicato elixe 1 representante como ata agora, establecéndose un sistema como o número de xuntas ás que non se asiste sen xustificación, que permita controlar que non suceda o mesmo que nestes últimos anos que algún dos elixidos incumpria de maneira manifesta o seu cometido e non era substituído pola Organización que o designou.

Pasadas a votación, sae aprobada a proposta de CCOO co seguinte resultado:

Proposta de CCOO: 12 votos / Proposta da CIG: 6 votos / Abstencións: 0 votos

Esta foi a nosa proposta (1 membro de cada sindicato). Derrotada

Tras un receso cada Organización presenta os seus candidatos, e antes de proceder á votación a CIG solicita que cada Sindicato manifeste quen é o seu número 1 pois en consonancia coa proposta que presentou, vai votar exclusivamente polo primeiro de cada organización. O resultado é o seguinte:

Sindicato	Candidato/a	Votos F	Votos C	Abstencións
CGT	ANA PÉREZ L.	6	11	1
CGT	MÓNICA GLEZ. S.	3	10	5
STC	DOMENECH	6	12	0
AST	M. LOZANO L.	6	2	10
CIG	CARLOS P. BLANCO	5	0	13
CIG	L. SANDE M.	4	0	14
UGT	LEVOSO T.	15	0	3
UGT	RAMÓN A. MAROÑAS	12	1	5
CCOO	E. S. BONET	15	0	3
CCOO	F. TEIJEIRO C.	11	1	6
CCOO	RICO L.	12	1	5

Como seguíamos querendo que houbo un membro de cada sindicato votamos polo primeiro de cada lista e avisamos.

Cando se votaron os nosos candidatos, Blanco e Sande, os que agora se queixan non os votaron como nós fixemos co deles con todos os nosos votos. Para que a súa estratexia funcionara tiñan que sacarlle algún voto a CGT e a STC, non só a nós. Así poderían evitar o tripe empate e saíría elixido na 1ª votación o seu candidato. De que carallo se queixan de non ser cabróns dabondo ou de non ser suficientemente intelixentes !

Saen elixidos os 5 representantes propostos por CCOO e UGT.

Para a elección do 6º representante acórdase proceder a unha nova votación entre tódolos candidatos que non saíron elixidos, que se realiza tras un receso co seguinte resultado:

Sindicato	Candidato/a	Votos F	Votos C	Abstencións
CGT	ANA PÉREZ L.	2	11	5
CGT	MÓNICA GLEZ. S.	3	8	7
STC	DOMENECH	3	11	4
AST	M. LOZANO L.	3	1	14
CIG	CARLOS P. BLANCO	13	0	2
CIG	L. SANDE M.	2	0	16

Sae elixido polo tanto o candidato da CIG Carlos P. Blanco

Visto o visto, na 2ª votación votamos polo noso 1º candidato e abstivémonos no resto, como xa dixemos o que queriamos e que estiveran todos no CPSS, non non estar nós.